

RESUMO

1. Situación e posición. Singularidade de España

1.1 Extensión e situación xeográfica.

O territorio español está situado na zona temperada do hemisferio norte no extremo suroccidental do continente europeo. Unha poboación de aproximadamente 45 millóns de habitantes e unha densidade de 90 hab/km². O territorio español está composto por: parte da Península Ibérica, as illas Baleares e Canarias, Ceuta e Melilla.

1.2 Diversidade xeográfica.

A diversidade xeográfica de España provén tanto da configuración do seu relevo como do seu papel de encrucillada humana. O seu carácter insular e peninsular determina o clima, a paisaxe, os recursos hídricos e as características do litoral.

1.2 A posición de España

En canto a posición xeoestratéxica de España deriva da súa situación e posición xeográfica. España é o país europeo máis próximo ao continente africano polo que é unha ponte natural de comunicación entre Europa e África. Tamén son importantes as relacións con América debido aos importantes nexos históricos.

2. Globalización e diversidade do mundo

Denominamos mundialización á progresiva evolución cara un mundo sen fronteiras e interdependente sobre o modelo xeneralizado do sistema económico capitalista a escala planetaria.

A globalización das relacións políticas, sociais, culturais e de cuestións ambientais fan que este proceso non sexa só económico, senón que teña varias dimensións. A globalización podemos estudiala desde o punto de vista económico, cultural, ambiental, da comunicación, xepolítico.

A mundialización ou globalización ten consecuencias vantaxosas pero tamén moitos inconvenientes no ámbito económico, político, social, cultural, medioambiental.

3. Globalización e desigualdades territoriais

3.1 As áreas mundiais

A consecuencia máis grave da globalización é a forte desigualdade existente nas rexións do planeta. Atopámonos con dous grandes grupos: os países de alto desenvolvemento, os países emerxentes e os países de baixo desenvolvemento.

3.2 Causas das desigualdades

As causas das desigualdades débense a factores humanos internos e externos. Os factores internos serían: a herdanza histórica, o funcionamento político, a relación entre poboación e recursos, a capacidade de explotar os recursos propios, as actividades económicas dominantes e as relacións sociais e a cultura. Os factores externos serían: as relacións de intercambio desigual entre os territorios, que favorecen a uns sobre outros.

3.3 As solucións a desigualdade

Proveñen de diferentes ámbitos. Distinguimos as axudas oficiais (organismos internacionais e estados) e as axudas non gobernamentais (ONG).

4. O espazos xeopolíticos

4.1 Centros, periferias e semiperiferias

As desigualdades crean xerarquías: centros, periferias e semiperiferias.

4.2 A orde mundial e as súas transformación

A orde mundial evolucionou desde unha orde bipolar (guerra fría), a unha unipolar (final da guerra fría) e na actualidade camiñamos cara unha orde multipolar.

5. España no mundo

España en canto á superficie e poboación ocupa un tamaño medio no contexto internacional (52º en superficie dos 211 estados actuais e o posto 29º en poboación segundo o censo do ano 2015).

5.1 A economía española no marco da globalización.

Desde os últimos 25 anos o noso país presenta unha economía aberta, inmersa nun sistema mundial- global, como reflicten os principais indicadores da súa economía. Crecemento do comercio exterior, aumento do investimento do capital estranxeiro e dos investimentos de España no exterior.

5.2 España nas áreas xoeconómicas

O peso económico de España no contexto mundial maniféstase no valor do seu PIB (14º posición mundial en 2015); e na crecente integración da súa economía no ámbito mundial

5.3 España nas áreas xeopolíticas

No contexto político mundial, España ten unha clara debilidade en canto ao poder duro pola súa reducida capacidade militar. Neste ámbito destaca a súa pertenza á OTAN, á que achega medios e capacidades.

En cambio a presenza española é maior en canto ao poder brando, debidos as seguintes razóns: a calidade das institucións, participación en acordos internacionais, pertenza a organizacións internacionais, a doazón de axuda oficial ao desenvolvemento, a colaboración con numerosas ONG e a proxección cultural.

5.4 As liñas xeopolíticas

Principais zonas coas que España establece relacións: Europa, países da conca mediterránea e América Latina.

5.4 A presenza cultural de España e de Galicia no mundo. Importancia no número de falantes do castelán.

6. Indicadores que miden a posición de España no mundo

Os distintos indicadores que miden a posición de España no mundo sitúana no grupo de países de alto desenvolvemento, pero detrás das grandes potencias mundiais. Os indicadores estudados son : o IDH, a posición relativa segundo o IEPG e o Índice de Globalización KOF, e a reputación exterior de España segundo o CountryRep.